

AFORISMOS E LOCUCIÓNS LATINAS

1- ***a posteriori***: despois (de)

2- ***a priori***: antes (de)

3- ***ab aeterno***: desde moi antigo, desde sempre

4- ***ad hoc***: a propósito, para iso

5- ***ad libitum***: libremente, a capricho

6- ***ad kalendas graecas***: ata nunca

7- ***ad multos annos***: expresión de bon agoiro, por moitos anos

8- ***addenda et corrigenda***: para engadir e corrixir

9- ***alea iacta est***: a sorte está botada

10- ***alma mater***: mai nutricia, a Universidade

11- ***ante meridiem (a.m.)***: antes do mediodía

12- ***ave, Caesar, morituri te salutant***: Ola, César, os que van a morrer saúdante (Saúdo dos gladiadores ó saír á area)

13- ***bis*** : dúas veces

14- ***bona fide***: con sinceridade (de boa fe)

15- ***calamo currente***: “ó correr da pluma,” a vuela pluma”, sen pararse a pensar

17- ***carnes tollendas***: carnaval, domingo antes de cuaresma, época na que se deben suprimir as carnes da dieta “dominica ante carnes tollendas”

18- ***carpe diem***: aproveita o día

19- ***casus belli***: motivo de conflito

20- ***cave canem***: ollo ó cán

21- ***cogito, ergo sum***: penso, logo existo

- 22- *conditio sine qua non* : condición imprescindible
- 23- *contra naturam* : en contra da natureza
- 24- *corpore insepulto*: de corpo presente
- 25- *corpus delicti*: suma de factores que converten un acto en violación da lei. Proba material dun feito.
- 26- *cum laude*: con mérito
- 27- *curriculum vitae*: currículo
- 28- *cursus honorum*: carreira
- 29- *de facto*: de feito
- 30- *de incognito*: en secreto
- 31- *de iure*: según lei, o contrario a “de facto”
- 32- *deo volente*: “se deus quer”
- 33- *doctor honoris causa*: doctor honorífico
- 34- *do ut des* : dou, para que me deas
- 35- *dura lex sed lex*: dura é a lei, pero é a lei
- 36- *ecce homo!* : he aquí o home ! Frase pronunciada por Poncio Pilato ó entregar a Xesús de Nazaré logo de flaxelado.
- 37- *editio princeps*: primeira edición
- 38- *errare humanum est*: equivocarse é humano
- 39- *et caetera*: e outros ou e outras cousas
- 40- *ex aequo*: igual
- 41- *ex cathedra*: en tono maxistral e solemne. Desde a cátedra, que era a silla do profesor.
- 42- *ex iure*: segundo o dereito
- 43- *ex libris* : selo para personalizar libros
- 44- *ex profeso*: a propósito

- 45- **exempli gratia**: por exemplo (v. **verbi gratia**)
- 46- **extra muros**: fóra da cidade
- 47- **facta, non verba**: feitos, non palabras
- 48- **fiat lux**: fágase a luz
- 49- **gratis et amore**: sen ánimo de lucro
- 50- **grosso modo**: aproximadamente (ollo con poñerlle o « a » antes, iso é un barbarismo)
- 51- **habeas corpus**: Este é comezo dunha lei do s. XVII que prohibe que se encarcele sen orden do xuíz. « Podes ter o teu corpo »
« quedas dono do teu corpo »
- 52- **habent sua fata libelli** : os libros teñen o seu destino
- 53- **hic et nunc**: aquí e agora
- 54- **homo homini lupus**: o home é un lobo para os seus semellantes
- 55- **homo sapiens**: home sabio
- 56- **hora est iam de somno surgere**: a levantarse!
- 57- **horror vacui**: horror ó vacío
- 58- **ibidem**: alí mesmo
- 59- **idem**: o mesmo
- 60- **id est**: isto é, é dicir
- 61- **imprimatur / imprimi potest**: que se imprima
- 62- **in absentia**: en ausencia
- 63- **in aeternum**: para sempre
- 64- **in albis**: en branco
- 65- **in articulo mortis**: na hora da morte
- 66- **in dubio pro reo**: cando hai dúbida, en favor do reo; enuncia a presunción de inocencia
- 67- **in extremis**: no último momento

68- **in fraganti/in flagranti delicto**: coas máns na masa (a primeira xa é aceptada, pero é máis axeitado usar a segunda, igual que o adxectivo no nosa lingua é “**flagrante**”, o adxectivo “**fragante**” é outra cousa totalmente distinta.

69- **in illo tempore**: naquel tempo

70- **in itinere**: no camiño, en dereito laboral refírese ó accidente ocorrido ó traballador cando vai cara o lugar de traballo.

71- **in medio virtus**: no término medio está a virtude, nada en exceso, tópico da “*aurea mediocritas*” (a dourada medianía)

72- **in memoriam**: en recordo

73- **in mente**: no pensamento

74- **in pectore**: en segredo

75- **in saecula saeculorum**: polos séculos dos séculos; tamén se usa “*per saecula saeculorum*”.

76- **in situ**: no lugar

77- **intelligentibus pauca**: ós bos entendedores, poucas palabras

78- **in vino veritas**: no viño está a verdade

79- **in vitro**: no laboratorio

80- **inter nos**: entre nós

81- **interim**: entretanto, momento

82- **ipso facto**: no mesmo momento, inmediatamente

83- **lapsus calami**: error escrito

84- **lapsus linguae**: error oral

85- **lato sensu**: en sentido amplo (oposto a “*stricto sensu*”)

86- **magister dixit**: , pon fin a unha discusión.

87- **manu militari**: con disciplina férrea

88- **mare magnum**: confusión

89- **mea culpa**: pola miña culpa

- 90-**memento mori**: acórdate de que es mortal
- 91-**memorandum**: para recordar
- 92-**mens sana in corpore sano**: mente sa en corpo san.
- 93-**modus operandi** : modo de actúr, método para facer algo
- 94-**modus vivendi**: modo de vivir
- 95-**mortis causa**: causa da morte
- 96-**motu proprio**: por vontade propia (ollo con poñerlle a preposición diante)
- 97-**mutatis mutandis** : cos cambios necesarios
- 98-**nemine discrepante**: sen oposición
- 99-**nihil novum sub sole** : nada novo baixo o sol
- 100-**nihil obstat** : non hai impedimento
- 101-**noli me tangere !** : non me toques !
- 102-**non plus ultra**: non máis alá
- 103-**nosce te ipsum !**: coñécete a ti mesmo !
- 104-**nota bene**: fíxate
- 105-**numerus clausus** : con límite de prazas
- 106-**nunc et semper** : agora e sempre
- 107-**opere citato**: na obra citada
- 108-**o tempora! o mores!**: oh tempos! oh costumes! Añoranza de tempos pasados
- 109-**panem et circenses**: pan e circo. Sustento e ocio
- 110-**peccata minuta**: fallos leves
- 111-**per accidens**: por accidente, contrario a “per se”
- 112-**per capita**: por individuo
- 113-**per se**: por si mesmo, por natureza

114-**post data**: *despois da data*

115-**post mortem**: *despois da morte*

116-**primus inter pares**: *primacía, pero non autoridade. O primeiro entre iguais.*

117-**primum vivere, deinde philosophare**: *primeiro vivir, logo pensar*

118-**pro indiviso** : *sen dividir, en comunidade*

119-**quod natura non dat Salamanca non praestat**: *o que non dá a natureza, non o concede Salamanca (a universidade como metonimia de sabedoría, intelixencia)*

120-**quorum**: *“dos que”, número de persoas necesarias para algo*

121-**rara avis**: *especímen raro*

122-**R.I.P. (requiescat in pace)**: *descanse en paz (D.E.P.)*

123-**referendum**: *elección. Consulta cidadá á que se ha de responder cun si ou un non.*

124-**S.P.Q.R. (Senatus Populusque Romanus)**: *Senado e Pobo Romano. Cristianizouse como » Salva ó pobo que redimiche »*

125-**si vis pacem, para bellum**: *se queres a paz, prepara a guerra*

126-**sic transit gloria mundi**: *así pasa a fama*

127-**sine cura**: *literalmente “sen preocupación”. Cargo retribuído que non supón ningún traballo. Ás veces escríbese xunto.*

128-**sine die**: *sen prazo*

129-**sit tibi terra levis (s.t.t.l)**: *que che sexa a terra leve, usábase nos mesmos casos que Requiescat in pacem, para desexarlles o descanso eterno ós mortos.*

130-**sponte sua**: *por vontade propia*

131-**statu quo**: *estado actual, no mesmo estado*

132-**stricto sensu**: *en sentido estricto*

133-**sub iudice**: *baixo segredo sumarial*

134-**sui generis**: *propio*

135-summum ius, summa iniuria: suprema xustiza, suprema inxustiza. Advirte dos perigos de levar os principios da xustiza ás máximas consecuencias, xa que pode resultar unha inxustiza.

136-superavit: sobra, exceso (lit. « sobrou »)

137-suum cuique (tribuere): (dar) a cada quen o seu

138-(tamquam) tabula rasa: coma unha táboa rasa

139-tempus fugit (irreparabile): o tempo fuxe (irremediabilmente)

140-totum revolutum: revolto, desorden

141-tu quoque, fili mi!: ti tamén, meu fillo!

142-ultimatum: límite, prazo final

143-urbi et orbi: á cidade e ó mundo

144-ut infra: como abaixo (nun texto, tamén pode aparecer v. supra ou v. infra cando nos envían a ver algo que apareceu máis arriba ou máis abaixo)

145-ut supra: como arriba (nun texto)

146-veni, vidi, vici: cheguei, vin, vencín. Chegar e encher

147-verba volant, scripta manent: as palabras lévaas o vento, o escrito permanece

148-verbi gratia: por exemplo

149-vice versa: ó revés

150-viva voce: de viva voz, oralmente, en voz alta

151-vox populi, vox Dei: a voz do pobo é a voz de Deus.

LATINISMOS

Os **latinismos** pódense clasificar en **varios grupos**:

-**Latinismos incorporados** ó galego ou castelán: *agenda, nomina, alias, a.m., campus, curriculum (vitae)*, etc.

-**Latinismos citados** como palabras extranxeiras e polo tanto aparecen suliñados ou en cursiva: *alma mater, aurea mediocritas*, etc.

-**Expresións técnicas ou científicas**:

de **medicina ou ciencias** naturais: *habitat, in vitro*, etc.

de **filosofía**: *a posteriori; a priori; cogito, ergo sum*, etc.

de **dereito**: *de iure; dura lex, sed lex; habeas corpus*, etc.

de **relixión e liturxia**: *R.I.P., opus dei, nihil obstat*, etc.

-**Sentencias** atribuídas a personaxes famosos: *alea iacta est* (César), *ars longa, vita brevis* (Séneca), *ave, Caesar, morituri te salutant* (Suetonio), etc.

-**Tópicos** literarios: *carpe diem* (Horacio)

-**Abreviaturas** e expresións bibliográficas que soen usarse en abreviatura: *addenda (ad.), bis, confer* (cf.), etc.

EXEMPLOS DE FRASES NAS QUE APARECEN EMPREGADOS LATINISMOS

-O papa deu a bendición *urbi et orbe*.

-Ofreceuse a planificar toda a viaxe *motu proprio*

-*Grosso modo* asistiron uns trinta convidados.

-O conferenciante tivo un *lapsus linguae*.

-A subversión foi reprimida *manu militari*.

-Os restos fósiles han de ser catalogados *in situ*.

-Hoxe en día é moi frecuente acudir á fecundación *in vitro* para ter fillos.

-El veu *motu proprio*: naide o obrigou.

-Esta noticia non a sei eu só, é *vox populi*.

-O ataque á embaixada pode constituír un *casus belli*.

-O rei foi nomeado doctor *honoris causa* pola Universidade de Santiago de Compostela.

-Marcial tiña un humor *sui generis*.

-Sempre se expresa nun tono doctoral, parece que constantemente fale *ex cathedra*.

-No campo de fútbol os árbitros reciben un *exabrupto* tras outro.

-A reunión non se puido celebrar na data prevista e foi aprazada *sine die*.

-A policía investigou *in situ* as causas do accidente.

-O orador cometeu un *lapsus linguae* que non lles pasou inadvertido ós oíntes.

-O portavoz da familia non quixo falar do crime, porque o caso está *sub iudice*.

-Por un *lapsus calami* Xan case suspende o exame escrito.

-A policía sorprendeu ós ladróns *in flagranti*.

-*A priori* todo o mundo é bó, pero os feitos demostran *a posteriori* que isto non sempre é certo.

- O respecto mutuo e a sinceridade é a condición *sine qua non* da estabilidade dunha amizade.
- O sábado fun á biblioteca *ex professo* para ler o libro que me recomendaches.
- A vacacións son boas *per se*, aínda que perdas o tempo.
- Non o penses máis, decídete *hic et nunc*.
- No momento de comezar o exame non lembraba nada, quedeime realmente *in albis*.
- O funambulista mantivo o equilibrio *in extremis* e logrou completar o número sen incidentes.
- Os familiares non creron que estaba *in articulo mortis*, por iso non chamaron á ambulancia inmediatamente.
- O conferenciante foi directamente ó *quid* da cuestión.
- Quero os exercicios *ipso facto*.
- En canto te víu xa saíu correndo: *intelligentibus pauca*.
- O ministro de economía anunciou que se reducira considerablemente o *deficit* público nos últimos meses e que se mantería o *superavit* da balanza de pagos en relación con outros países.
- A constitución do 78 reconece o dereito de *habeas corpus* dos detidos.
- Xosé non conseguiu un premio importante, pero concedeuselle o *accessit*.
- Este ano, os que dirixen a nosa *alma mater* decidiron aplicar *numerus clausus* á hora de matricular ós novos alumnos para o próximo curso.
- O xurado otorgou o premio *ex aequo* ós dous únicos participantes.
- Os impostos hai que pagalos. Non hai outra: *dura lex, sed lex*.
- O seu *modus vivendi* é totalmente distinto ó do resto dos irmáns: gasta o que non tén.
- Se queremos dar todo o programa hai que ir depresa: *ars longa, vita brevis*.
- A combinación marrón e gris é o *non plus ultra* da moda este ano.
- A inauguración do local era ás *10 p.m.*
- Os rapaces recolleron todo ó saír da biblioteca *motu proprio*.
- Nesta habitación non hai nada no seu sitio, isto é un *mare magnum* de cousas que nin siquera serven para nada.
- O corrector calificou os erros atopados de *peccata minuta*.
- Actualmente a sociedade é moi represiva e non se toleran cousas que hai 20 anos eran normais: *o tempora, o mores*.
- En Roma había moitos escravos, *in illo tempore* o sistema económico baseábase na escravitude.
- Respondendo ós aplausos o saxofonista concedeu un *bis*.
- O acento dos cultismos soe manterse na mesma sílaba ca nas palabras latinas, *verbi gratia*: Sophocles, Sófocles; Proserpina, Prosérpina, etc.
- Naturalmente que vos devolverei o diñeiro que me roubaron: *cuique suum*.
- Mañá cóntoche a película *ab ovo usque ad mala*.
- Agora iso xa non o poido facer, porque son demasiado vella; cada cousa hai que facela *suo tempore*.
- Corre tan a presa como poidas, pero sen poñerte demasiado nervioso *festina lente*.
- Este exercicio está posto *ad hoc*, para introducirse no uso dos latinismos.
- Eses rapaces foron educados polo seu pai *manu militari*.
- Non llo digas a naide, isto queda *inter nos*.
- O próximo encontro celebrarase, *deo iuvante*, o martes que vén.
- A assemblea pechou ó acordo *nemine discrepante*.
- Dixenlle que tiña un grifo averiado e Lois ofrecéndose a arranxalo chegou coas ferramentas *ad hoc*.

***EXPRESIÓNS NA NOSA LINGUA QUE TEÑEN CORRESPONDENCIA
CON OUTRAS LATINAS***

- De pe a pa.
- Sin quitar una jota.
- A buen entendedor pocas palabras, “dígocho filla enténdeme nora”.
- Salvando as distancias.
- Máis vale un exemplo ca mil palabras.
- Díjolo Blas, no se hable más.

